



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de xuño de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/06/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/06/2014.
- III. Calendario Escolar do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.
- IV. Horarios do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.
- V. Calendario de exames do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.
- VI. Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.
- VII. Acordo da Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental.
- VIII. Declaración de interese para a proposta do título de Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de xuño de 2014.

Enviouse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 2 de xuño de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



2. Informe do Director.

O Director informa

- Como foi solicitado pola Delegación de Alumnado nunha Xunta de Escola anterior, realizouse unha enquisa sobre a docencia e a avaliación no último curso dos Graos coa resposta maioritaria de que estea condensada nas 8 primeiras semanas do cuadrimestre (en vez de 6 como no curso anterior) con exames a continuación. A coordinación da enquisa foi levada a cabo pola profesora Ángeles Saavedra González. A Dirección agradece o traballo realizado. Esa información foi empregada para a proposta de planificación que será debatida nun punto posterior desta Xunta de Escola.
- No Consello de Goberno do 6 de xuño de 2014 acordouse que “cada centro debe establecer un procedemento para que os Traballos Fin de Grao permanezan arquivados nos mesmos e non sexan enviados á Biblioteca Universitaria”. Dito procedemento será debatido nunha Xunta de Escola posterior.
- O próximo Venres 11 de Xullo ás 19:00 no Auditorio Centro Cultural García Barbón de Vigo a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas da Universidade de Vigo celebrará o Acto de Graduación da I Promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, así como da XVII Promoción de Enxeñaría de Minas e a V do Máster en Tecnoloxía Medio Ambiental. O Acto está sendo coordinado pola profesora María Araújo Fernández. A Dirección agradece as tarefas realizadas. No Acto farase un recoñecemento especial aos profesores Don Pedro Merino Gómez e Don José María Lanaja del Busto, antigos Directores do centro, e contará na mesa de autoridades coa presenza xa confirmada do Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia (Don Atanasio José Peña Álvarez) e do Decano-Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España (Don Juan José Fernández Díaz). A información irá actualizándose no apartado correspondente da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=519,0,0,1,0,0>

- Recibíronse da ACSUG os seguintes informes favorables:

Informe final de avaliación da solicitude de verificación de título oficial do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo. Pode consultarse na web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?c6592e6955670d184d7377d321be639e>



Coa seguinte única indicación

Se recomenda revisar a redacción de algunhas competencias de forma que non correspondan a los conocimientos específicos de cada materia y sean fácilmente evaluables. Se recomienda también definir las de manera más global para reducir su número. Este aspecto será objeto de especial revisión durante el seguimiento del título.

Informe final de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de Vigo. Pode consultarse na web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?2a83952daf89aad98a04794027ac65fd>

Coa seguinte única indicación

Se recomienda revisar la redacción de algunas competencias de forma que no correspondan a los conocimientos específicos de cada materia y sean fácilmente evaluables. Se recomienda también definir las de manera más global para reducir su número. Este aspecto será objeto de especial revisión durante el seguimiento del título.

Informe final de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos pola Universidade de Vigo. Pode consultarse na web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?b4efdcc8e796ab8a64992742b0e364db>

Sen recomendacións.

A Dirección agradece o traballo realizado polas persoas responsables da coordinación do proceso (Elena Alonso Prieto, Carmen Pérez Pérez, David Patiño Vilas e Natalia Caparrini Marín) e as principais comisións de traballo (Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Máster vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas e Comisión de Garantía Interna de Calidade). Eses informes foron enviados á comunidade do centro unha vez recibidos e están agora visibles nos correspondentes apartados da web do centro.

- A Dirección e a coordinadora do Máster UEM, a profesora Elena Alonso Prieto, reuniuse co Decano e Secretaria do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia para, entre outras cousas, presentarllas o Máster UEM.
- A Dirección fixo unha solicitude na Convocatoria de axudas para o programa de cultura científica e da innovación do Ministerio de Economía e Competitividade para levar a cabo a Semana da Ciencia 2014 no centro. A Dirección fixo tamén unha solicitude de axuda económica para o mesmo fin ao Consello Social da Universidade de Vigo.



- Dende a Área de Calidade actualizouse a Axenda Básica de Calidade de acordo ao Sistema de Garantía de Calidade actualmente en vigor, un documento de axuda, fundamentalmente para o/a Coordinador de Calidade, de cara a organizar a xestión das principais accións e rexistros/evidencias ligadas ao Sistema de Garantía de Calidade. A Dirección agradece o traballo realizado.
- A Dirección asistiu a unha reunión co SIOPE para coordinar as actividades dos centros da Universidade de Vigo. A ETSEM ten vontade de continuar participando pola súa conta, ou nas iniciativas do SIOPE, que teñan como obxectivo espertar a curiosidade e involucrar á cidadanía a través de actividades de divulgación e difusión baseadas en contidos relacionados coa ETSEM. Esas tarefas son coordinadas na ETSEM pola profesora Marta Cabeza Simó, a cal a Dirección agradece o traballo realizado. Pode verse máis información no apartado correspondente da nosa web:
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=465,0,0,1,0,0>
- O sistema de videoconferencia foi arranxado polo servizo da UVigoTV. Prégase que si se detecta algún malfuncionamento do mesmo se avise ao Subdirector de Infraestruturas, David Patiño Vilas. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O xoves 12 de xuño do 2014 tivo lugar a II Xornada Universitaria Galega en Xénero, organizada polas unidades de igualdade das tres universidades galegas. Un grupo de profesoras da ETSE Minas da Universidade de Vigo (María Araújo, Teresa Rivas, Jessica I. Piñeiro e Carla Iglesias e Ángeles Saavedra), coa colaboración das egresadas da ETSE de Minas dende a súa creación (Promocións 1997-2013) presentou un estudo sobre a presenza das mulleres nos estudos de Enxeñaría de Minas, comparativamente a outras enxeñarías, así como o grao de dificultade das egresadas para desenrolar a súa actividade profesional neste campo. A Dirección agradece as tarefas realizadas que recoñecen e dan visibilidade ao traballo de mulleres enxeñeiras na sociedade e activan vocacións científicas e técnicas entre as máis novas. Pode consultarse esa información no apartado Antigo Alumnado:
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=87,0,0,1,0,0>

3. Aprobación, se procede, da data de celebración da festividade da patroa da Escola no curso 2014-2015.

No calendario aprobado polo Consello de Goberno di que “en cada centro terá carácter festivo a data da súa festa propia. Todas as que non coincidan en luns ou venres, pasaranse a eses días.”. No noso caso a festividade de Santa Bárbara é o xoves 4 de Decembro, e a proposta da Dirección é trasladar a celebración ao venres 28 de Novembro. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado cambio.



4. Aprobación, se procede, dos calendarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2014-2015.

Enviouse por correo, para o curso 2014-2015, unha proposta de calendarios para os Graos EE/ERME e a titulación a extinguir de Enxeñaría de Minas (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), así como para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto). No último caso a proposta foi aprobada previamente en Comisión Académica do Máster UEM. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os calendarios enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO III a esta acta os calendarios aprobados para o curso 2014-2015.

5. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2014-2015.

Enviouse por correo, para o curso 2014-2015, unha proposta de horarios para os Graos EE/ERME (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), así como para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto). No último caso a proposta foi aprobada previamente en Comisión Académica do Máster UEM. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os horarios enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO IV a esta acta os horarios aprobados para o curso 2014-2015.

6. Aprobación, se procede, dos calendarios de exames das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2014-2015.

Enviouse por correo, para o curso 2014-2015, unha proposta de calendarios de exames para os Graos EE/ERME e a titulación a extinguir de Enxeñaría de Minas (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), así como para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto). No último caso a proposta foi aprobada previamente en Comisión Académica do Máster UEM. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os calendarios de exames enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.

O profesor Don Manuel Vázquez Vázquez intervén para suxerir que no calendario de exames, no que se refire á convocatoria de xullo se inverta a orde dos exames fixando primeiro os do segundo cuatrimestre e a continuación os do primeiro, xa que o considera beneficioso para os alumnos. A subdirectora de organización académica María Araújo comenta que o calendario oficial da Universidade recomenda ese orden polas datas de límites de actas. O profesor Don Manuel Vázquez Vázquez suxire tamén que a orde dos exames en cada un dos cuatrimestres se rote cada ano de maneira que o último exame dun ano sexa o primeiro ao seguinte.

Achégase como ANEXO V a esta acta os calendarios de exames aprobados para o curso 2014-2015.



7. Aprobación, se procede, dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.

Enviouse por correo, para o curso 2014-2015, unha proposta dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas e que recolle a información enviada polos Departamentos responsables e recopilada no Negociado de Asuntos Xerais. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO VI a esta acta os tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira aprobados para o curso 2014-2015.

8. Aprobación, se procede, da extinción do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental, así como dos criterios que garantan o desenvolvemento das ensinanzas que iniciaran os estudantes xa matriculados neste Máster.

A Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental acordou na súa reunión do 18 de xuño aprobar a súa extinción e os criterios que garantan os dereitos do alumnado xa matriculado. Ese acordo foi aprobado por a Comisión de Garantía Interna de Calidade da ETSEM na súa reunión do 23 de xuño.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a súa aprobación.

Achégase como ANEXO VII a esta acta o acordo da Comisión Académica de dito Máster.

9. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a proposta do título de Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.

A Comisión Permanente da ETSEM acordou na súa reunión do 18 de xuño aprobar a declaración de interese para a proposta do título de Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña. Ese acordo foi aprobado por a Comisión de Garantía Interna de Calidade da ETSEM na súa reunión do 23 de xuño.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a súa aprobación. A Dirección agradece a iniciativa do profesorado implicado por aumentar a oferta formativa do centro.

Achégase como ANEXO VIII a esta acta a documentación da declaración de interese.

10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ao non terse presentado documentación para a súa aprobación, pásase ao seguinte punto da orde do día.



11. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e tres de xuño de dous mil catorce.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/06/2014.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/06/2014.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 23/06/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Zaragoza, María Luisa
6.	Araújo Fernández, María
7.	Arias Sánchez, Pedro
8.	Carrillo González, Camilo José
9.	Eguía Oller, Pablo
10.	García Bastante, Fernando
11.	Granada Álvarez, Enrique
12.	Liz Marzán, Eduardo
13.	Martín Suárez, José Enrique
14.	Morán González, Jorge
15.	Patiño Vilas, David
16.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
17.	Rivas Brea, Teresa
18.	Saavedra González, Ángeles
19.	Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
20.	Vázquez Vázquez, Manuel
21.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Alfonso Molares, Alberto
2.	Carrillo Pérez, Rosalía
3.	Casal Echevarría, Alexandre
4.	Faro Malvar, Diego
5.	García Iglesias, Jaime
6.	González Méndez, Patricia
7.	Graña Molina, Rodrigo
8.	Iglesias Alonso, Laura
9.	Lema Costa, Nerea
10.	López Echevarría, Isabel
11.	Rodríguez Hermida, Carolina
12.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	52
Asistentes	34

Excusan su asistencia:

- Don Lino José Álvarez Vázquez
- Don José María Lanaja del Busto
- Don Rubén López-Cancelos Ribadas
- Don Alfonso Mandado Vázquez



ANEXO III

Calendario Escolar do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.



ANEXO IV

Horarios do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.



ANEXO V

Calendario de exames do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.



ANEXO VI

Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015.



ANEXO VII

Acordo da Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental.



ANEXO VIII

Declaración de interese para a proposta do título de Máster Universitario en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.